

# Plan de Convivencia

## CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro

Curso 2025/2026

## Introdución

O plan de convivencia do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro é un documento estratéxico no que se recollen as actuacións que se van a levar a cabo para conseguir mellorar a convivencia no noso centro.

Convivir é “vivir en compañía de outros”, polo tanto, entendemos por convivencia a relación entre todas as persoas que compoñen unha comunidade. Unha boa convivencia esixe respecto mutuo, aceptación e cumprimento de normas comúns, doutras opinións e estilos de vida, respecto á diversidade, aprender a resolver pacificamente os conflitos.., Convivir é algo máis que coexistir ou tolerar.

Con todo, o conflito é consubstancial á existencia humana e polo tanto inevitable. Partimos dunha concepción do conflito como un proceso natural nas relacións entre persoas e grupos, inherente á vida en sociedade, e que é necesario para o desenvolvemento intelectual, emocional e social das persoas.

A convivencia escolar encerra unha gran complexidade e a presenza de múltiples factores que contribúen a explicar os principais problemas que poden aparecer, pero é necesario promovelos e fomentalos de forma activa, para iso debemos basearnos no diálogo e o respecto constante entre os integrantes da comunidade educativa.

Á súa vez, todo isto non pode conseguirse sen a implicación dos principais destinatarios: o profesorado, persoal non docente, alumnado e as súas familias.

A convivencia constitúe un pilar fundamental para unha educación de calidade e, neste sentido, os centros de ensino constitúen un dos escenarios en que se vinculan os estudantes coa sociedade e, por iso, pódese considerar un modelo esencial para a aprendizaxe da convivencia, a necesidade do cumprimento das leis e normas, a formación cidadá e o exercicio de valores fundamentais tales como o respecto, a tolerancia, a autonomía, a responsabilidade, a non violencia, a solidariedade, o sentido da xustiza e a valoración do esforzo. Valores que deben estar presentes nas relacións interpersoais

entre todos os membros da comunidade educativa coa finalidade de contribuír á construción dunha sociedade mellor.

O sistema educativo debe permitir que todos os cidadáns adquieran as competencias necesarias que permitan a súa aprendizaxe continua, unha cidadanía activa e o diálogo intercultural. Ademais, debe promover os valores democráticos e o respecto dos dereitos fundamentais e do medio ambiente, así como a loita contra toda forma de discriminación. Un bo clima de convivencia favorecerá a equidade e inclusión das persoas con discapacidade así como o respecto e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Partindo destas reflexións e do anterior plan de convivencia do centro, desenvolveuse o presente plan de Convivencia.

## Contexto normativo

A normativa a ter en conta é a seguinte:

- Lei 4/2011, do 30 xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/06/2011).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei anterior (DOG 27/01/2015).
- ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.
- Os distintos protocolos publicados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e que se encontran dispoñibles no seguinte enderezo web: <https://www.edu.xunta.gal/portal/educonvives.gal>

O decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, sobre convivencia e participación da comunidade educativa en relación coa convivencia escolar (DOG n.º 17, do 27 de xaneiro), asigna aos centros educativos a tarefa de elaborar un Plan de Convivencia, seguindo ou disposto no artigo 10 da citada lei, que establece o seguinte:

“O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 desta lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. O plan de convivencia será elaborado por unha comisión de convivencia, ou, cando esta non estea constituída, polo equipo directivo, e aprobado polo consello escolar do centro.”

O plan de convivencia é un documento fundamental que define a organización y funcionamento do centro educativo no ámbito da convivencia. Nel establécense as bases

do modelo de convivencia, os obxectivos que se desexan alcanzar e as normas que rexerán para garantir un ambiente harmonioso e respectuoso.

## Composición e funcións da Comisión de Convivencia e da Coordinación de benestar

A comisión de convivencia do centro constituirase no seo da súa comunidade educativa, actuando como un órgano de carácter consultivo. Desenvolverá as súas funcións por delegación de este, co obxectivo de facilitar o cumprimento das competencias asignadas en materia de convivencia. Ademais, será responsable de garantir a correcta aplicación da normativa vixente, así como no plan de convivencia e nas normas de convivencia.

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará formada polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos, correspondendo ao director/a o seu nomeamento.

| Composición                                                            | Nome e apelidos                                                                             |
|------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|
| Presidente Director                                                    | Fernando López Uceira<br>Director                                                           |
| Representante do departamento de Información e Orientación Profesional | María Jessica Sixto Vivero<br>Xefa de departamento de Información e Orientación Profesional |
| Coordinadora de Benestar e Convivencia                                 | Eva María Robles Freire                                                                     |
| Representantes do alumnado                                             | Luz Del Vecchio Sánchez                                                                     |
|                                                                        | Francisco Paineira Vázquez                                                                  |
| Representante persoal de servizos                                      | Manuel Baptista Sueiras                                                                     |
| Representante do profesorado                                           | Modesto Manuel Riveiro Pensado                                                              |

A principal **función da Comisión de convivencia** é a de elaborar e planificar diferentes actuacións a nivel de centro coa finalidade de contribuír á mellora da convivencia do centro e contribuír á prevención e resolución dos conflitos.

Esta Comisión realizará o seguimento das diferentes actuacións establecidas neste Plan de Convivencia coa finalidade de valorar e avaliar a súa efectividade.

Reunirase con carácter ordinario 3 veces no ano coa finalidade de recoller as incidencias producidas, as actuacións levadas a cabo e as propostas de mellora que se

consideren relevantes. Con carácter extraordinario poderá reunirse tantas veces sexa convocada polo seu presidente/a.

Funcións (artigo 6.4. do Decreto 8/2015):

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan. ▪ Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar ao equipo directivo sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia.
- Aquelas outras que lle sexan encomendadas polo equipo directivo do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Tendo en conta que, tal e como se recolle no punto 2.4, os principais conflitos que xorden no centro, orixínanse entre o alumnado de FP Básica, a Dirección do centro ten en consideración esta situación á hora de realizar os horarios dos diferentes grupos da FP Básica, así como o nomeamento dos titores destes grupos ou a proposta de actividades para eles destinadas.

## COORDINACIÓN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección do centro docente.

Conta coas seguintes funcións:

### **a) En coordinación co equipo directivo:**

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o que velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.

- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

**b) En coordinación co departamento de orientación:**

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, a realizar no centro e desde a tutoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo con os protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicarllo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

## Análise do estado de convivencia no centro

O CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro atende alumnado procedente principalmente da comarca de Ferrolterra que cursan estudos de Formación Profesional das familias profesionais de "Actividades físicas e deportivas", "Administración e xestión", "Comercio e márketing", "Edificación e obra civil", "Hostalaría e turismo" e "Informática e comunicacións". Trátase dun alumnado, coa excepción de FP Básica, de 17 anos ou máis e de procedencia diversa tanto cultural como social, que busca a través dos estudos de FP unha cualificación profesional que lle permita principalmente inserirse no mercado laboral. O alumnado dos ciclos formativos de grao superior posúe, en xeral, maior grao de madurez persoal e intelectual.

O alumnado de ciclos formativos de grao medio e o de FP Básica presentan máis inmaduridade social e intelectual o que, ás veces, da lugar a que se produzan con máis frecuencia faltas de respecto entre compañeiros e co profesorado, falta de cumprimento das normas de convivencia ou deterioro das instalacións e materiais do Centro.

Os conflitos ou situación máis comúns son:

- Uso indebido do teléfono móbil
- Acceso a redes sociais ou utilización de xogos durante o desenvolvemento da clase
- Deterioro de material de clase
- Falta de puntualidade e faltas inxustificadas
- Interrupción na aula
- Falta de respecto ao profesor/a
- Non atender as explicacións do profesorado
- A nivel de convivencia non se percibe que existan condutas relevantes con respecto a discriminacións de xénero, raza, orientación sexual ou situación económica. As enquisas de satisfacción amosan en xeral un alto grao de satisfacción co ambiente do centro, coa relación co profesorado e a ausencia de conflitos significativos graves.

- Faltas recurrentes de puntualidade
- Absentismo escolar

## Obxectivos xerais do Plan

Os obxectivos xerais do Plan de Convivencia son os regulados no artigo 12 do Decreto 8/15:

1. Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
2. Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
3. Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
4. Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
5. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
6. Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
7. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
8. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
9. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

## Obxectivos específicos

Os obxectivos específicos derivan dos obxectivos xerais e son os seguintes:

- Incentivar boas actitudes na relación da comunidade educativa en canto o respecto polos compañeiros e compañeiras fomentando a tolerancia e o diálogo.
- Impulsar a participación conxunta na elaboración das normas de aula e do centro, e fomentar o cumprimento delas.
- Procurar que o alumnado de nova incorporación teña una boa acollida por parte de toda a comunidade educativa e que se sinta parte dela.
- Implantar mecanismos áxiles e efectivos de mediación que eviten ter que chegar aos partes disciplinarios.
- Involucrar a todo o alumnado nas actividades realizadas polo centro ou nas que participe fora das súas instalacións .
- Proxectar charlas, coloquios, conferencias talleres e convivencias en materia de educación emocional, habilidades sociais, saúde mental, etc.
- Sensibilizar ao alumnado sobre o coidado, conservación e respecto do centro, así coma de todo o material educativo.
- Crear vías de colaboración con outras institucións, coma o Concello, a policía, ONGs ou asociacións, que contribúan á mellora de convivencia no centro
- Participar en actividades que favorezan a socialización, solidariedade e interculturalidade.
- Implementar o Plan de Igualdade e impulsar accións que promovan unha igualdade efectiva entre homes e mulleres.

## Actuacións e medidas que se van desenvolver

- Actuacións organizativas de mellora da convivencia
- Actuacións preventivas de convivencia
- Actuacións correctivas ante condutas contrarias ás normas de convivencia
- Actuacións dirixidas a mellorar a formación en materia de convivencia para o profesorado.

## Actuacións e medidas que se van desenvolver

| <b>Actuacións organizativas de mellora da convivencia</b>                            |                                                |                                                |                        |                                                 |                                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------|------------------------------------------------|------------------------|-------------------------------------------------|-----------------------------------|
| <b>Medida</b>                                                                        | <b>Actividade</b>                              | <b>Recursos</b>                                | <b>Temporalización</b> | <b>Responsables</b>                             | <b>Avaliación</b>                 |
| Dar a coñecer o Plan de convivencia ao profesorado                                   | Reunión inicial de Claustro                    | Plan de convivencia                            | Setembro               | Equipo Directivo e profesorado                  | Acta de claustro<br>Web do centro |
| Organizar a Xornada de Acollemento alumnado                                          | Xornada de acollemento                         | Protocolo acollemento                          | Setembro               | Equipo directivo/<br>orientación/<br>Titores/as | Enquisa de acollemento            |
| Organizar o acollemento do profesorado de novo ingreso                               | Acollemento profesorado                        | Protocolo acollemento                          | Ao incorporarse        | Equipo Directivo/<br>Xefatura<br>Departamento   | Enquisa                           |
| Dar a coñecer o Plan de convivencia ao alumnado e establecemento das normas de clase | Titoría inicio de curso<br>Carpeta do alumno/a | PAT<br>NOF<br>Normas de clase                  | Setembro               | Titores/as                                      | Enquisa                           |
| Dar a coñecer o Plan de convivencia ás familias (FP Básica)                          | Reunión informativa familias                   | Normas de convivencia                          | 1º trimestre           | Titores/as                                      | Ao rematar a actividade           |
| Designar a Comisión de Convivencia e coordinador/a de convivencia                    | Nomeamento                                     | Memoria curso anterior<br>Comunidade educativa | 1º trimestre           | Director                                        | Memoria                           |
| Poñer a disposición de toda a comunidade a caixa de queixas e                        | Colocación e difusión da caixa de queixas      | Caixa de suxestións                            | Ao inicio de curso     | Dirección                                       | Recollida de queixas              |

|                                                                                        |                                                      |                                   |                         |                          |                                       |
|----------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|-----------------------------------|-------------------------|--------------------------|---------------------------------------|
| suxestión.                                                                             |                                                      |                                   |                         |                          |                                       |
| Dar a coñecer os distintos protocolos relativos á atención á diversidade e convivencia | Dar visibilidade aos protocolos no Moodle de tutoría | Moodle<br>tutoría/profesora<br>do | 1º trimestre            | Dirección<br>Orientación | Documentación                         |
| Avaliación trimestral da convivencia                                                   | Reunión                                              | Comisión de convivencia           | Decembro/<br>marzo/xuño | Comisión de convivencia  | Enquisa final curso sobre convivencia |

### Actuacións preventivas para o fomento da Convivencia

| Medida                                                                                             | Actividade                                                                                                                                                                                 | Recursos                                         | Temporalización                                      | Responsables                                                                                                             | Avaliación |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| Acordar co alumnado as normas de clase                                                             | Normas específicas de cada módulo                                                                                                                                                          | NOF<br>Documento de recollida de normas de clase | Inicio de curso                                      | Profesorado                                                                                                              | Enquisa    |
| Controlar a asistencia ás clases                                                                   | Introducir as faltas no Xade<br>Comunicar as faltas de asistencia á familia no caso de alumnado menor de idade<br>Comunicar ao alumnado as as perdas do dereito á avaliación continua (PD) | Convocatoria programas contrato                  | Todo o curso                                         | Profesorado<br>Coordinadora de innovación e formación do profesorado<br>Departamento de Actividades físicas e deportivas | Memoria    |
| Concienciar ao alumnado da necesidade da súa implicación e colaboración na boa convivencia da aula | Titorías individuais e colectivas co alumnado.<br>Reunións do equipo docente para abordar as incidencias puntuais.                                                                         | NOF                                              | Primeiras semanas do curso<br>Ao longo de todo o ano | Titores<br>Equipo Directivo<br>Orientación<br>profesorado                                                                |            |

|                                                                                    |                                                                                                                                                                                                                                          |                                                                                                                                 |                        |                                                         |                                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|---------------------------------------------------------|--------------------------------------|
| Propoñer a creación dun grupo de mediación alumno/a-alumno/a                       | Reunión delegados<br>Formación en mediación                                                                                                                                                                                              | Ponentes                                                                                                                        | 1º e 2º trimestre      | Dirección<br>Coordinador/a<br>bienestar<br>Orientación  | Memoria                              |
| Potenciar as relacións positivas entre o alumnado do centro                        | Celebración do Magosto<br>Celebración dos carnavais<br>Celebración de final de curso                                                                                                                                                     |                                                                                                                                 | Ao longo de todo o ano | Dirección<br>Departamentos<br>didacticos<br>orientación | Mínimo unha actividade por trimestre |
| Fomentar no alumnado a igualdade de xénero e o rexeitamento da violencia de xénero | Conmemoración 25N<br>Conmemoración 8M<br>LGTBI<br>As actividades propostas no Plan de Igualdade                                                                                                                                          | Titores<br>Alumnado                                                                                                             | Nas datas establecidas | Titores<br>Delegados<br>Orientación<br>Dirección        | Ao rematar a actividade              |
| Potenciar a participación do alumnado en campañas ou actividades solidarias        | Doazón de sangue<br>Campaña de recollida de xoguetes<br>Actividades relacionadas coa integración e a discapacidade.<br>Dar a coñecer o voluntariado                                                                                      | Consellería de sanidade<br>Cociña económica<br>Recollida de alimentos<br>Rías Altas<br>ASPANAES<br>Dirección xeral de xuventude | Ao longo do curso      | Alumnado                                                | Ao rematar a actividade              |
| Fomentar condutas positivas no alumnado para lograr unha boa convivencia no centro | Talleres Plan Director<br>Talleres de prevención de condutas aditivas<br>Talleres de habilidades sociais<br>Concursos sobre igualdade e convivencia<br>Incidir na adquisición de competencias persoais e sociais como parte do currículo | Plan Director<br>Asfedro<br>Relatores<br>Concursos                                                                              |                        |                                                         |                                      |
| Solicitar programas                                                                | E-saúde                                                                                                                                                                                                                                  |                                                                                                                                 |                        |                                                         |                                      |

|                                                                                                                                    |                                                       |                                                                                                           |              |                                                    |  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|----------------------------------------------------|--|
| contrato de incidan no desenvolvemento da convivencia                                                                              | Convive-t<br>Proxecta                                 |                                                                                                           |              |                                                    |  |
| Promover a participación, cooperación e comunicación entre o alumnado                                                              | Reunión do delegados                                  | Reunión                                                                                                   | 1º Trimestre | Equipo directivo<br>Orientación                    |  |
| Promover actividades que favorezan a participación, cooperación e comunicación entre os diferentes membros da Comunidade educativa | Xornadas de Portas abertas<br>Actividades interciclos | Elaboración de vídeos<br>Celebración de xornada de portas abertas<br>Conmemoración de días internacionais | 2º trimestre | Dirección<br>Xefaturas<br>Departamento Orientación |  |

### Actuacións correctivas

| Medida                                                                             | Actividade                                                      | Recursos                                                                                                                                                                                                                                                                                 | Responsables                                                                                                  | Avaliación                                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|
| Protocolo de actuación ante condutas contrarias ás normas de convivencia do centro | Mediación de conflitos entre o alumnado<br>Parte de amoestación | Mediante esta actuación preténdese chegar a un acordo co alumno/a para que reflexione sobre a súa actitude e se comprometa a cambiala<br>Calquera profesor/a pode poñer un parte de amoestación cando considere que o comportamento do alumno/a prexudica a convivencia no centro<br>NOF | Calquera compoñente da Comisión de Convivencia (Mediación)<br>Profesorado/titores<br>Orientación<br>Dirección | Farase un seguimento periódico da súa evolución |
| Protocolo de actuación ante                                                        | Parte de amoestación<br>Expulsión das clases                    | Protocolo especificado no NOF                                                                                                                                                                                                                                                            | Dirección e xefatura de estudos                                                                               | Ao finalizar o ano serán recollidos o           |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                                                                              |  |  |                                            |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|--------------------------------------------|
| condutas gravemente<br>prexudiciais para a<br>ás convivencia                                                                                                                                                                                                                            | Contacto coa familia<br>no caso de alumnado<br>menor de idade<br>Expediente<br>disciplinario |  |  | número e tipo de<br>partes disciplinarios. |
| <b>Actuacións dirixidas a mellorar a formación en materia de convivencia para o profesorado</b>                                                                                                                                                                                         |                                                                                              |  |  |                                            |
| No mes de outubro a coordinadora de formación do profesorado oferta ao profesorado a posibilidade de solicitar os programas contrato/proxecta e outros..<br>Tamén oferta a posibilidade de formación relacionada con convivencia, mediación, igualdade, comidas de Nadal e de Entroido. |                                                                                              |  |  |                                            |

## Medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar

O plan de convivencia do centro docente inclúe un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, as seguintes previsións:

- Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.
- Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.
- Determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.
- Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.
- Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola Administración educativa.
- O centro seguirá o Plan integral contra o Acoso e o Ciberacoso escolar <https://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

## Normas de convivencia do centro

O artigo 20 do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar fai referencia á aplicación, difusión e seguimento das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia:

1. As normas de convivencia do centro, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa e estarán recollidas no plan de convivencia do centro.

2. O equipo directivo do centro e o claustro, a través da comisión de convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas.

3. Correspóndelle ao equipo directivo do centro levar a cabo as actuacións necesarias para a difusión das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia entre a comunidade educativa.

Toda a comunidade educativa do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro na que se inclúe o alumnado, profesorado, membros do equipo directivo, Consello Social, persoal non docente e familias implementará accións para garantir unha boa convivencia no centro coma:

- Respecto e tolerancia cara a todos os integrantes da comunidade educativa.
- A ausencia de discriminación por motivos relixiosos, de xénero, políticos, étnicos ou de calquera outro tipo.
- O uso do diálogo como ferramenta fundamental para a resolución de conflitos, xunto coa participación democrática e activa.
- Coidado e respecto polo medio ambiente.

O profesorado, no exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico. Polo tanto, cando exerza funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito nos documentos a tal efecto, teñen presunción de veracidade, sen prexuízo

das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais se é menor de idade.

As condutas que sexan contrarias as normas de convivencia no horario lectivo dentro do centro o no desenvolvemento das actividades complementarias a formación ou extraescolares poderán ser obxecto de corrección disciplinaria:

Na determinación das condutas contrarias á convivencia, rexerá o recollido no DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, que as clasifica en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, e condutas leves contrarias á convivencia. A normativa tipifica cada unha destas condutas.

Para a correcta convivencia no centro, as infraccións destas normas deberán ser detectadas e comunicadas por calquera membro da Comunidade Escolar. Para que quede constancia da conduta leve ou grave, o docente debera cubrir o correspondente parte de incidencias, que será comunicado á Xefatura de estudos.

## Difusión, seguimento e avaliación do Plan de convivencia

Ao longo do curso, darase a coñecer este Plan de Convivencia e todas as actuacións que se establecen nel a toda a comunidade educativa. A difusión realizarase a través das distintas reunións previstas ao longo do curso, a través da páxina web e do Moodle de documentación de profesorado así como a través das titorías.

Para o seguimento e avaliación utilizaranse as reunións da Comisión de convivencia.

Ao finalizar o curso formularase unha proposta de mellora que será tida en conta na programación do curso seguinte.